

Ficheiro coa teoría para imprimir

3. O MELLOR DE CADA CASA



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreira

BauGal3. O mellor de cada casa

FICHEIRO IMPRIMIBLE COA TEORÍA

Lingua galega e literatura

4º ESO

1. INTRODUCCIÓN

Comezamos unha misión xornalística! Na anterior situación de aprendizaxe ("A cidade é para min") xa investigaches o seu pasado, descubriches o seu valor e argumentaches por que merece ser lembrada... Nesta nova misión, converteraste nunha persoa xornalista que busca probas vivas e voces reais que confirmen a importancia da muller destacada que defendiches na unidade anterior.

Vas buscar testemuñas, persoas expertas ou simplemente quen a coñeceu, leu sobre ela ou pode falar do seu impacto. A túa tarefa será preparar unha entrevista auténtica, clara e ben estruturada, para dar voz a quen pode reforzar a súa memoria e reivindicación no espazo público.

Practicarás como facer boas preguntas, como seguir o fío dunha conversa e como escoitar con intelixencia e sensibilidade. Porque unha entrevista non é só preguntar... é saber como e a quen preguntar.

E ao final, presentarás esa entrevista como parte da túa campaña para que esa muller teña o lugar que merece nas rúas, nas escolas ou nos monumentos da túa vila. Agora, como xornalista en formación, tes unha nova misión:

 **entrevistar a unha persoa que poida falar sobre ela, alguén que coñeza a súa historia, o seu legado, ou que poida reforzar a súa importancia.**

Que vas aprender?

A escoitar e preguntar con criterio.

A organizar unha entrevista con estrutura clara.

A gravar ou redactar como un/ha pro!

A dar voz a quen non a tivo o suficiente.

Estás preparado/a para facer xornalismo con sentido, con compromiso e con perspectiva?

2. OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A televisión: máis que unha pantalla

Cantas veces acendes a tele e comezas a facer zapping ata atopar algo que che interesa?

Unha serie, un partido, un reality, as noticias... A televisión leva máis de medio século entrando nas nosas casas, entreténdonos, informándonos e, moitas veces, tamén influíndo en como pensamos ou actuamos.

Pero... sabías que a televisión non sempre existiu? Os primeiros experimentos comezaron a finais dos anos 20, pero non foi ata os anos 50 cando comezou a chegar ás casas. Era en branco e negro, cunha programación moi limitada e só uns poucos afortunados tiñan un aparello. En Galicia, as emisións da TVE comezaron nos anos 60 e a televisión autonómica, a TVG, naceu en 1985. Desde entón, todo cambiou moi rápido.

Hoxe temos canles para todos os gustos, plataformas en liña, televisión a demanda e ata aplicacións para ver contido no móbil. Pero, por moita tecnoloxía que haxa, a televisión segue a ser un dos medios máis potentes para comunicar ideas, contar historias e influír na sociedade.

A TV non só nos mostra o que pasa: decide como contalo. Nun informativo, por exemplo, escolle que novas aparecen primeiro, quen fala, que imaxes se amosan e mesmo que música acompaña unha noticia. Iso significa que, sen dicirnos directamente o que pensar, pode facer que vexamos o mundo dunha determinada maneira.

Ademais, detrás de cada programa hai un equipo enorme: **xornalistas, cámaras, redactores, presentadores, guionistas, técnicos de son, maquilladores, deseñadores, produtores...** Nada do que ves na pantalla aparece por casualidade. Todo está pensado para chamar a túa atención.

Por iso é tan importante ver a tele con ollos críticos. Preguntarse: quen emite isto? Por que escolleu este enfoque? É información ou opinión? Hai outros puntos de vista?

Porque a televisión pode ensinar, entreter e conectar... ou tamén manipular. Todo depende de como a usemos e, sobre todo, de como a miremos.

A radio: a forza da palabra

A radio é un medio de comunicación baseado na transmisión de sons a través das ondas electromagnéticas. É inmediata, accesible e permite informar, entreter e acompañar as persoas en calquera lugar. A forza da radio está na palabra, na música e nos efectos sonoros, que axudan a crear imaxes na mente da audiencia.

A historia da radio comezou a finais do século XIX, cando inventores como Marconi desenvolveron sistemas para transmitir sinais sen fíos. No século XX, a radio converteuse nun dos principais medios de comunicación de masas, xogando un papel esencial en momentos históricos como guerras, crises ou cambios sociais.

En Galicia, a creación da Radio Galega en 1985 marcou un fito moi importante. Foi a primeira emisora pública que emitiu en galego para toda a comunidade, reforzando a identidade cultural e lingüística do país. Desde entón, a [Radio Galega](#) ofrece información, música, deportes e programas culturais, converténdose nunha referencia para a sociedade galega.

A prensa: da tinta ao píxel

A prensa é un medio de comunicación que transmite información de forma escrita a través de xornais e revistas. Permite ofrecer noticias, análises e opinións, chegando a un público amplo e diverso. A forza da prensa está na capacidade de reflexionar e profundar sobre os acontecementos, deixando un rexistro duradeiro da actualidade.

A orixe da prensa moderna remóntase aos séculos XVII e XVIII en Europa, pero en Galicia non xurdiron publicacións propias ata o século XIX. Destacan xornais históricos coma [Faro de Vigo](#) (1853), o máis antigo en activo, ou [La Voz de Galicia](#) (1882). Durante o Rexurdimento, tamén apareceron publicacións en galego, como O Tío Marcos da Portela (1876), pioneira na defensa da lingua e da cultura galegas.

Na actualidade, a prensa vive unha profunda transformación coa chegada de internet e o nacemento da prensa dixital. Moitos xornais tradicionais, como La Voz de Galicia ou [El Progreso](#), combinan edicións en papel e online. Ademais, xurdiron medios exclusivamente dixitais como Praza Pública ou GCiencia, que permiten un acceso inmediato á información.

Porén, o uso do galego na prensa continúa sendo minoritario. A maioría dos grandes xornais publican fundamentalmente en castelán, aínda que algúns, como La Voz de Galicia, ofrecen versións dixitais en galego para certas noticias. Xornais como [Nós Diario](#) ou [Praza Pública](#) apostan pola publicación integramente en galego, converténdose en referencias fundamentais para a normalización lingüística no sector.

3. A NOTICIA

A **noticia** é un texto xornalístico que informa de maneira clara e obxectiva sobre feitos actuais de interese xeral. Aparece nos medios de comunicación —sobre todo na prensa, na radio, na televisión e nos medios dixitais— e ten como finalidade manter informada á cidadanía sobre o que acontece no mundo.

A estrutura dunha noticia segue normalmente o modelo da *pirámide invertida*, un sistema no que a información máis importante se coloca ao comezo do texto e a menos relevante ao final. Isto permite que a persoa lectora coñeza rapidamente o esencial da noticia, incluso se non chega a ler todo o artigo.

Estrutura dunha noticia:

1. Titular:

- Resume o máis importante da noticia.
- É breve, claro e atractivo.
- Busca chamar a atención.

2. Entrada (lead):

- Responde ás 6 preguntas básicas:
Que pasou? Quen? Onde? Cando? Como? Por que?
- Dá a información máis relevante.

3. Corpo da noticia:

- Desenvolve os detalles.
Ordena a información de máis importante a menos.
- Non inclúe opinións.

A linguaxe das noticias

A linguaxe utilizada nas noticias debe adaptarse á súa función principal: informar con claridade, obxectividade e rigor. Por iso, presenta unhas características propias que a distinguen doutros tipos de texto, como a narración literaria ou a publicidade.

A continuación, explicamos os trazos máis importantes da linguaxe xornalística nunha noticia:

Obxectiva e impersonal

A noticia non expresa a opinión do xornalista. Evítanse fórmulas como “eu penso” ou “na miña opinión”. A información preséntase desde unha posición neutral, deixando que sexa a persoa lectora quen interprete os feitos.

Exemplo incorrecto: Creo que este feito é moi grave.

Exemplo correcto: Os feitos foron cualificados como graves polas autoridades.

Precisa e clara

Empregan palabras que non deixan lugar a dúbidas. Evítanse expresións ambiguas ou poéticas. A mensaxe debe entenderse con facilidade desde a primeira lectura.

Exemplo: O incendio destruíu tres vivendas en poucos minutos. (claro e directo)

Formal e estándar

A lingua das noticias segue as normas da variedade culta. Non se usan expresións vulgares, dialectalismos nin castelanismos. O ton é serio, correcto e profesional.

Exemplo: O pleno do concello aprobou por maioría o novo regulamento.

Uso de tempos verbais de actualidade

A noticia utiliza preferentemente o presente de indicativo (para dar sensación de actualidade) e o pretérito perfecto (cando se fai referencia a feitos recentes que aínda teñen consecuencias).

Exemplo:

A Policía detén tres persoas nun operativo antidroga. (presente)

A compañía presentou onte o novo modelo de coche. (pretérito perfecto)

Substantivos concretos e verbos de acción

Evítanse perífrases ou verbos vagos. Usan verbos fortes, que expresen acción directa, e substantivos que nomeen claramente os feitos ou protagonistas.

Exemplo:

Mellor: O alcalde anuncia a dimisión.

Peor: Parece que o alcalde podería deixar o cargo.

4. A REPORTAXE

A reportaxe é un dos xéneros xornalísticos máis completos e elaborados. A diferenza da noticia, non só pretende informar dun feito recente, senón tamén explicalo con profundidade, contextualizalo e achegar diferentes puntos de vista. O obxectivo principal dunha reportaxe é achegar unha visión ampla e documentada sobre un tema de interese para a sociedade.

Mentres que a noticia expón os feitos básicos de maneira breve e directa, a reportaxe vai máis alá: inclúe datos, entrevistas, descrições e, ás veces, incluso opinións, sempre ben diferenciadas da parte informativa. Trátase dun texto que combina rigor informativo e estilo literario, co fin de informar, explicar e emocionar.

Diferenzas entre a noticia e a reportaxe

A noticia e a reportaxe son dous xéneros xornalísticos que teñen en común o feito de informar. Porén, non son iguais nin teñen os mesmos obxectivos, nin o mesmo formato, nin a mesma extensión. A seguir explicamos as súas principais diferenzas.

- A noticia é un texto breve, obxectivo e directo que informa dun feito recente. Preséntase como un texto neutro, que responde de maneira clara e rápida ás seis preguntas básicas do xornalismo: que pasou, quen, onde, cando, como e por que. A estrutura da noticia está moi marcada: primeiro aparece o titular, despois a entrada ou lead, que resume o máis importante, e finalmente o corpo da noticia, que desenvolve os datos con orde de máis relevante a menos.
- En cambio, a reportaxe é un texto máis elaborado e completo. Non só informa do que pasou, senón que contextualiza, explica, describe e interpreta. Pode incluír entrevistas, cifras, datos históricos, descrições e mesmo opinións ou reflexións persoais da persoa xornalista, sempre que estas estean claramente diferenciadas da parte informativa. A reportaxe non ten unha estrutura tan ríxida como a noticia, e permite un estilo máis persoal e creativo, sen perder o rigor informativo.
- Outra diferenza importante é a extensión: as noticias adoitan ser curtas e centradas nun único feito, mentres que as reportaxes son máis longas e tratan os temas con máis profundidade. Ademais, a noticia adoita ir sen sinatura, mentres que na reportaxe aparece o nome da persoa que a redactou.

En resumo: a noticia responde, a reportaxe explora. A noticia informa, a reportaxe achega unha visión máis ampla e humana dos feitos. Ambas son necesarias no xornalismo, pero teñen funcións diferentes.

A estrutura da reportaxe

A estrutura da reportaxe é máis flexible e ampla ca da noticia. Mentres que a noticia segue unha estrutura fixa e piramidal (comeza polos datos máis relevantes e remata cos menos importantes), a reportaxe permite unha organización máis libre, con introdución, desenvolvemento e conclusión.

Na introdución, pode presentarse unha escena, unha anécdota ou unha pregunta que capte a atención.

No corpo desenvólvese a información de forma detallada, con descrições, datos, entrevistas e contexto.

Por último, o peche pode incluír unha reflexión, unha cita significativa ou unha apertura cara ao futuro. Así, a reportaxe non só informa, senón que tamén pretende emocionar, narrar e facer pensar.

A linguaxe da reportaxe

A reportaxe é un xénero xornalístico que combina información con narración e interpretación. A súa linguaxe é máis rica e elaborada que a da noticia, xa que non se limita a relatar feitos, senón que os contextualiza, os analiza e mesmo os recrea con recursos estilísticos.

Estas son as súas principais características:

- **Claridade e precisión:** A pesar de empregar unha linguaxe máis literaria, a reportaxe busca que a mensaxe sexa comprensible para todas as lectoras e lectores. A información debe ser clara, ben estruturada e sen ambigüidades.
- **Estilo literario:** Pode incorporar recursos propios da literatura, como a descrición, a metáfora ou a comparación, co obxectivo de atraer o público e facelo reflexionar ou emocionarse. O ritmo narrativo e o coidado na escolla de palabras son habituais.
- **Subxectividade controlada:** Aínda que parte dunha base informativa, a reportaxe permite que a voz da persoa xornalista apareza: pode incluír opinións, valoracións ou interpretacións, sempre ben fundamentadas. Isto dálle un carácter máis persoal e reflexivo.

- **Amplio uso das fontes:** A linguaxe da reportaxe inclúe testemuños, citas directas, entrevistas e datos procedentes de diversas fontes, o que lle dá riqueza e credibilidade ao texto.
- **Narratividade:** A reportaxe conta unha historia. Pode ter introdución, desenvolvemento e desenlace, e mesmo xogar coa estrutura temporal ou espazo-temporal para xerar interese.
- **Vocabulario específico e técnico:** Se trata un tema especializado, a reportaxe pode empregar termos técnicos, pero sempre explicados ou contextualizados, para que o público poida comprendelos.

5. A ENTREVISTA

A entrevista é un dos xéneros xornalísticos máis empregados para coñecer en profundidade a unha persoa ou para obter información sobre un tema de interese. Trátase dunha conversa planificada entre unha persoa xornalista e unha persoa entrevistada, na que se formulan preguntas para recoller as súas opinións, vivencias ou coñecementos.

Hai entrevistas que buscan **informar**, outras que pretenden **emocionar** ou **divertir**, e tamén as hai que queren **reflexionar sobre temas sociais, culturais ou políticos**. Pero todas comparten unha característica: dan voz a alguén e poñen o foco no seu discurso.

Segundo o seu obxectivo e contido, podemos distinguir varios tipos de entrevista:

1. Entrevista informativa

O seu propósito é achegar información especializada sobre un tema concreto. A persoa entrevistada adoita ser unha experta ou alguén directamente implicado nos feitos (científicas, políticas, testemuñas...).

Exemplo: Unha entrevista a unha médica para falar dunha nova vacina.

2. Entrevista de opinión

Busca recoller o punto de vista ou análise persoal da persoa entrevistada sobre un tema de actualidade. Pode tratarse de figuras destacadas da cultura, da política ou doutros ámbitos.

Exemplo: Unha entrevista a unha escritora sobre a situación da lingua galega.

3. Entrevista de perfil ou humana

Ten como obxectivo principal presentar a persoa entrevistada: quen é, como pensa, como vive ou como chegou onde está. Interésase máis pola súa personalidade, historia vital ou visión do mundo ca pola súa opinión sobre un tema concreto.

Exemplo: Unha entrevista a unha deportista para coñecer a súa traxectoria e o seu día a día.

4. Entrevista de actualidade

Céntrase nun feito recente que afecta directamente a quen é entrevistada. Mistura información, emoción e testemuña directa. Pode ter elementos da entrevista informativa e da humana.

Exemplo: Entrevistar unha bombeira forestal sobre a orixe dun incendio

A linguaxe da entrevista

A entrevista é un xénero que combina a información coa comunicación directa, polo que a súa linguaxe debe adaptarse tanto ao medio como ao público ao que vai dirixida. A clave está en transmitir con claridade o que di a persoa entrevistada, mantendo o rigor informativo pero tamén a naturalidade da conversa.

1. Linguaxe clara e directa

A linguaxe debe ser comprensible, evitando tecnicismos ou explicándoos cando sexa necesario. A entrevista busca chegar a todas as persoas lectoras ou oíntes, polo que se favorece un estilo sinxelo, preciso e directo.

2. Rexistro adecuado

Depende do medio (prensa, radio, televisión, internet) e da situación. Pode ser máis formal (nunha entrevista política ou científica) ou máis coloquial (nunha entrevista a unha persoa artista, deportista ou cidadá común).

3. Uso do estilo directo e indirecto

- Estilo directo: recóllense literalmente as palabras da persoa entrevistada, entre comiñas ou precedidas de guión.
— Sempre soñei con ser actriz —di a protagonista.
- Estilo indirecto: o xornalista resume ou reformula o que se dixo.
A protagonista confesou que sempre soñara con ser actriz.

O estilo directo achega realismo e autenticidade, mentres que o indirecto permite resumir ou aclarar ideas.

4. Presenza da voz xornalística

O xornalista pode aparecer explicitamente para guiar a entrevista, facer aclaracións ou contextualizar. Porén, debe evitar intervir en exceso e deixar que a persoa entrevistada sexa a protagonista.

5. Variedade de preguntas

As preguntas deben estar ben redactadas, ser claras e adaptadas ao tipo de entrevista. Poden ser abertas (para que a persoa se exprese con liberdade) ou pechadas (cando se busca unha resposta concreta). Deben evitar xuízos ou prexuízos.

A linguaxe da entrevista é, polo tanto, natural pero coidada, próxima pero rigorosa. Trátase de facer visible a voz doutro, de maneira que sexa comprensible, fiel e interesante.

O estilo directo indirecto

Cando redactamos unha entrevista xornalística, podemos presentar as respostas da persoa entrevistada de dúas formas diferentes: **en estilo directo** ou **en estilo indirecto**. A elección dun ou doutro inflúe no ton da entrevista, na súa fidelidade e na súa claridade.

Estilo directo

No estilo directo **reprodúcense literalmente as palabras** da persoa entrevistada. Estas aparecen entre comiñas ou precedidas dun guión, e mantéñense tal e como foron ditas.

— Sempre soñei con ser actriz —explica a protagonista.

Vantaxes:

- Aporta realismo e autenticidade.
- Permite captar o ton e a personalidade da persoa entrevistada.
- Resulta máis vivo e expresivo.

Uso habitual: entrevistas publicadas en formato diálogo, onde se alternan as intervencións do xornalista e da persoa entrevistada.

Estilo indirecto

No estilo indirecto o xornalista **resume ou reformula coas súas palabras** o que dixo a persoa entrevistada. Non se usan comiñas nin se reproduce literalmente a resposta.

A protagonista confesou que sempre soñara con ser actriz.

Vantaxes:

- Permite sintetizar respostas longas ou confusas.
- Axuda a aclarar información ou contextualizala.
- Útil cando se quere destacar a idea principal dunha intervención.

Uso habitual: entrevistas redactadas en forma de reportaxe, crónica ou artigo.